



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de xullo de 2023
Duración	Desde as 19:30 ata as 21:15 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ





Concello de Guitiriz

76577542P	Sofia Sanchez Miragaya	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 425/2023. APROBACION DA CONTA XERAL 2022.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

<< Aprobación da Conta Xeral 2022

De acordo co apartado primeiro do artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente. No apartado 2 do dito artigo dispónse que a Conta Xeral formada pola Intervención será sometida a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

De acordo co establecido no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entre as funcións das Comisións Informativas (entre as que se atopa a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno deste Concello) atópanse as de “*estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno*”, sen embargo o artigo 20.1.e) da Lei de base de réxime local establece como obrigatoria a Comisión Especial de Contas, cuxas funcións son, como dicta o artigo 67 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia as de exame, estudo e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais.

A Conta Xeral quedará exposta ao público mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, durante os cales os interesados poderán examinar e presentar reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, modificado na disposición final décimo novena da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021.

No caso de que non se presenten reclamacións, reparos ou observacións durante o período de exposición pública non se volverá a celebrar Comisión Especial de Contas e o expediente, xunto co dito informe elevaráse directamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

Cumprimentado en data 13/07/2023 (BOP nº 148 de data 22/06/2023) o trámite legal





Concello de Guitiriz

de exposición ao público da dita Conta Xeral, previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e sen que se presentara ningunha reclamación (informe rexistro 17/07/2023), procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas a proposta de aprobación da conta xeral.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e coas abstención do PP e do BNG acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Guitiriz correspondente ao exercicio económico 2022 nos termos que constan no expediente, integrada polas Contas Anuais do propio Concello e a documentación legalmente establecida.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.>>

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP di, como dende o ano anterior o noso grupo político xa viña mantendo a disconformidade con varias partidas dos gastos que se executaban por considerar algúns como gastos innecesarios e sabedores de que hai que pagar as nóminas, traballos realizados etc, nós ímonos abster.

A voceira do BNG di que este punto que xa esta aprobado provisionalmente e como a posición do BNG na Comisión de Contas foi a abstención seguímonos mantendo a mesma posición.

A Alcaldesa di que é un tramite que temos que cumprir traendo ao pleno, onde se da conta de toda actividade económica do ano 2022 elaborado polos servizos de intervención deste concello.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, abstencións do PP e BNG.

2. Expediente 691/2023. Dación conta resolucíons alcaldía dende o número 2023-228 ata o 2023-657

Dase conta dos decretos da alcaldía dende o número 2023-228 ata o 2023-657

Pregunta o voceiro do BNG si se pode facer algunha intervención neste punto. Responde a alcaldesa que non esta contemplado, pero podemos reunirnos para estudar si se pode levar a cabo unha pequena intervención nos vindeiros plenos.

3. Expediente 363/2022. Aprobación definitiva da desafectación ben municipal





Concello de Guitiriz

(parte da parcela con referencia catastral 27022A340001330000OL)

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

<< Aprobación definitiva da desafectación ben municipal (parte da parcela con referencia catastral 27022A340001330000OL). Expte. 363/2022

Visto os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Asento 91 do inventario de bens do Concello de Guitiriz:

EPÍGRAFE 1º INMOBLES	
ASENTO 91	Nome da finca: ESCOLA DE SANTA LEOCADIA
Natureza do inmovible: URBANO	Situación: SANTA LEOCADIA
Inmovible sito no lugar de Raposeira, na parroquia de Santa Leocadia, con referencia catastral 002102500NH97H0001JX de planta alta e baixa. Ocupa, segundo información catastral, unha superficie de solo de 80 m ² e conta cunha superficie construída de 153 m ² . Ubícase sobre unha parcela rústica catastrada a nomo do concello de Guitiriz coa referencia catastral 27022A340001330000OL. Tratase dun ben demanial de servizo público, desafectada do servizo educativo por Orde do Ministerio de Educación e Ciencia de 13.12.1976. Non se atopa inscrita no Rexistro da Propiedade.	

Acordo plenario de 26/05/2022 onde se procede á modificación puntual do Inventario de bens, por considerar, previos os trámites oportunos, que unha porción de terreo de 553 m² (incluída a superficie ocupada polas vivendas) encravada na parcela de titularidade municipal, é de titularidade privada.

Resolución de Alcaldía de data 12/01/2023 de aprobación de proxecto para parcelación e regularización de terreos.

Informe técnico municipal do Servizo de urbanismo de 12/01/2023.

Informe xurídico de data 12/01/2023.

Acordo plenario de 26/01/2023 de aprobación inicial da alteración da cualificación xurídica de parte do terreo da seguinte parcela: 27022A340001330000OL

Sometido o expediente a información pública polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, aos efectos de presentación de alegacións ou reclamacións, non se presentaron alegacións.

Considerando o disposto no artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; o Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa da desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal; a Orde de 4 de xuño de 1987 sobre desenvolvo do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa da desafectación de edificios públicos





Concello de Guitiriz

escolares de propiedade municipal, e os artigos 22.2.l), 47.2.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e PP e a abstención do BNG acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a alteración da cualificación xurídica de parte do terreo da seguinte parcela: 27022A340001330000OL desafectándoa do servizo público, aos efectos de quedar cualificadas como bens patrimoniais do Concello, nos mesmos termos do acordo plenario de data 26 de xaneiro de 2023.

SEGUNDO.- A alteración da cualificación xurídica dos bens deberá comunicarse ao Rexistro da Propiedade e deberanse efectuar as correspondentes anotacións no Libro Inventario de Bens, en virtude do establecido no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.>>

Aberto o debate pola alcaldesa o voceiro do PP di que vendo que non afecta a situación urbanística dos edificios próximos e que entra na legalidade vixente nós estamos de acordo e o noso voto será favorable.

A voceira do BNG di que esta desafectación vén dada polo decisión tomada neste pleno en relación a titularidade privada das parcelas ao carón da Escola de Santa Leocadia, dando como resultado que unhas pequenas parcelas queden desvinculadas da súa condición de solo adscrito a propia escola polo que o concello as converte en ben patrimonial para así poder vendela, cedela, permutalas etc.

Nós non temos nada que obxectar a este procedemento administrativo de desafectación e que pase a ser un ben patrimonial pero si queremos saber si ten previsto algo mais con respecto a estes terreos nun futuro inmediato.

A Alcaldesa explica que no seu momento neste terreo concedeuse licenza para construír dúas vivendas e estaban construídas nun terreo do concello e que non teñen saída a vía pública e para acceder a esta teñen que pasar por un terreo que non é seu. Os donos das vivendas quixeron regularizar esta situación e a nós pareceunos lóxico a súa petición. O que se fai agora é unha regularización urbanística onde o concello se queda coa parte da parcela que rodea a escola, que vai seguir sendo de titularidade municipal e co resto do terreo faise como dúas parcelas sobrantes e dáselles aos donos das vivendas a posibilidade de adquirir cada un a súa.

Pregunta o voceiro do PP que si se venden, terá que vir outra vez a Pleno?

Responde o Secretario que non, porque o órgano competente pola Disposición Adicional Novena da lei de contratos dependendo do importe dos bens a allear, neste caso, o alleamento directo da parcela sobrante a propietario colindante, que é unha posibilidade que contempla o Regulamento de Bens e a Lei de Patrimonio, a competencia vai depender do importe dese alleamento e si supera o 10% dos recursos ordinarios do presuposto sería competencia do Pleno e si non o supera sería competencia da alcaldía polo que dado o importe neste caso non creo que sexa competencia do Pleno.





Concello de Guitiriz

O grupo municipal do BNG non fai uso da segunda quenda.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e PP e coa abstención do BNG.

4. Expediente 604/2023. Cesión da Escola de Santa Cruz a favor da Comunidade de Montes da Parroquia de Santa Cruz.

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

<< Cesión da Escola de Santa Cruz a favor da Comunidade de Montes da Parroquia de Santa Cruz. Expte: 604/2023.

Visto os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Solicitud da Comunidade de Montes da Parroquia de Santa Cruz para que por parte do Concello se lles ceda a Escola de Santa Cruz para desenvolver as distintas actividades como local social tal como se reflicte na solicitud presentada con data 7/10/2022 por Carlos Rodriguez Lodeiro en representación do Monte Veciñal en Man Común de Santa Cruz con CIF V27133172.

- O citado inmovible é propiedade do Concello de Guitiriz cualificado como ben PATRIMONIAL no inventario municipal de bens, no asento nº 87.

- Memoria demostrativa de que os fins que persigue redundaran de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal e paralelamente dítame suscrito por técnico que asevere que os bens non están comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a Entidade local nin e previsible que o sexan nos dez anos inmediatos. Consta memoria asinada en data de 13 de xullo de 2023

- Informe por parte de intervención de fondos no que probe non ter débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento municipal. Consta informe ao respecto de data 30 de xuño de 2023.

-Informe xurídico de data 19/07/2023.

Vista a descrición do ben obxecto da cesión incluído na memoria asinada en data de 13 de xullo de 2023, coas seguintes características:

Ref. Catastral	001300400NH98D0001KE
Localización	A Pena – Santa Cruz
Clase:	Urbano
Superficie:	67 m ²
Coeficiente	100
Uso:	Social





Concello de Guitiriz

Ano de Construcción:	1930
Cargas o gravames:	Ningunha
Destino do ben:	Recreativo
Estado de conservación:	Bo

Considerando o disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, no Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións concedidas ao Pleno polo artigo 22.2 da LBRL.

O pleno da corporación, por unanimidade dos seus asistentes, acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Ceder con carácter gratuíto e permanente a Escola de Santa Cruz ao Monte Veciñal en Man Común de Santa Cruz propiedade deste Concello e cualificado como ben patrimonial no inventario municipal de bens(asento nº 87) e descrito na memoria asinada en data de 13 de xullo de 2023, para fins de interese xeral dos veciños, xa que neste momento non esta sendo utilizado polo Concello e non se prevé a súa utilización nos próximos anos.

SEGUNDO. Someter o expediente a un período de información pública por prazo de vinte días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

TERCEIRO. No caso de non presentación de alegacións neste período, se entenderá a cesión como definitivamente aprobada, eliminándose o asento nº 87 do inventario de bens.>>

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP di que o seu grupo non ten nada que obxectar en canto a esta cesión do inmovible a favor da Comunidade de Montes de Santa Cruz como local social xa que o artigo 4 da Lei 43/ 2003, de 21 de novembro da Lei de Montes di que os mesmos desenvolven unha función social relevante, que teñen un compoñente lúdico para o desfrute dos cidadáns e dos veciños/as. Neste senso constitúen eixes fundamentais na loita contra o abandono do rural posibilitando un uso produtivo e legal do territorio.

Así que a nosa posición é de total acordo con esta decisión.

A voceira do BNG di que a escola é un ben patrimonial e a lei permite a súa venda, permuta ou cesión con algúns limites no caso da cesión, que so é gratuíta si se cede a outra entidade pública. Dende o BNG entendemos que as Comunidades de Montes deben ter un tratamento público como temos demostrado con múltiples iniciativas





Concello de Guitiriz

tanto no Parlamento Español e no Galego, nas que entre outras cousas solicitamos unha modificación da súa fiscalidade para que non se lles aplicara o mesmo tratamento que a unha empresa.

Como dato dicir que tanto o PSOE como o PP no Parlamento Español negáronse sistematicamente a este recoñecemento polo que non resulta moi convincente que agora asuman dende esta alcaldía o carácter público da Comunidade de Montes. En todo caso, e dado que o BNG esta a favor de que se dote a Comunidade de Montes de infraestruturas que o concello ten, moitas veces, nun lamentable abandono a fin de que as poidan empregar en beneficio dos veciños/as veriamos con bos ollos unha cesión a favor da Comunidade de Santa Cruz ao igual que a reclamamos tamén para os veciños dos Vilares que nos consta que xa iniciaron os tramites para a cesión.

O único do que temos dúbidas é sobre o carácter temporal ou permanente deste cesión polo que instamos a que se revise ese punto.

A alcaldesa dálle a palabra ao Secretario que aclara que a regulación da cesión gratuíta en propiedade de bens patrimoniais esta recollida no artigo 110 do Regulamento de Bens, tal como consta non informe xurídico de Secretaria, cúmprense todos estes requisitos para esta cesión gratuíta en propiedade con carácter permanente, pero en relación cun deses requisitos que marca ese artigo, que é o carácter público da entidade solicitante no informe de Secretaria faise unha salvedade porque a personificación do Monte Veciñal en Man Común é privada, aínda así da Lei de Montes e a Lei de Montes Veciñais en Man Común pódese entender que teñen un carácter público a pesar da súa personificación xurídico privada.

A voceira do BNG pregunta polo do “carácter permanente”.

O Secretario aclara que todos os requisitos que establece o artigo 110 do Regulamento de Bens se cumpren para que teña carácter permanente, salvo o requisito do carácter publico e que esta é unha cuestión interpretable.

A alcaldesa aclara que se está a traballar co expediente da Escola dos Vilares, esperamos telo resolto proximamente

Nós entendemos que as Comunidades de Montes moitas veces fan unha labor na parroquias como de asociación veciñal, de aí que pola nosa parte estamos abertos a escoitar a calquera comunidade de montes que teña algunha proposta para facernos.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

5. Expediente 669/2023. Proposta de días festivos locais para o ano 2024

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Proposta de días festivos locais para o ano 2024. Expte: 669/2023.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:





Concello de Guitiriz

Escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia con data entrada 18/07/2023 e RE nº 2825, no que solicitan envío de proposta do Pleno ou do órgano competente na que consten as datas concretas de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2024 co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución.

Ao abeiro do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución que lle conceden ao alcalde e ao Pleno os artigos 21.1 e 22.2 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e normativa concordante.

O pleno da corporación, por unanimidade dos seus asistentes, acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Designar como días de festa local para o ano 2024, de carácter retribuído e non recuperable, os seguintes dous días:

1º. Martes 13 de febreiro (martes de Entroido).

2º. Luns 24 de xuño (San Xóan)

SEGUNDO.- Notificarlle o presente acordo ao departamento correspondente da Xunta de Galicia e comunicarllo ás persoas e aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.>>

Non hai intervencións nin do voceiro do PP nin da voceira do BNG polo que se procede a súa votación.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

6. Expediente 666/2023. Modificación de Créditos. Suplemento de crédito 2/2023

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 2, Ausentes: 0

<< ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2023

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en suplemento de crédito por importe de 383.090,41 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria ou a mesma é insuficiente, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación





Concello de Guitiriz

consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, cos votos en contra do PP e coa abstención do BNG acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en suplemento de crédito 2/2023 polo importe total de 383.090,41 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais:

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Servizos de prevención de incendios. Traballos realizados por outras empresas.	25.000,00	136.21000
Administración xeral de vivenda e urbanismo. Arrendamento de terreos e bens naturais	7.000,00	150.20200
Pavimentación de vías públicas. Traballos realizados por outras empresas	8.000,00	1532.22799
Accesos a núcleos de poboación .Outros Subministros	10.000,00	1531.22199
Sumideiro. Subministro de enerxía eléctrica	25.000,00	160.22100
Abastecemento domiciliario de auga potable. Aluguer de maquinaria	3.000,00	161.21300
Abastecemento domiciliario de auga potable. Outros submnistros	10.000,00	161.22199
Abastecemento domiciliario de auga potable Traballos realizados por outras empresas	5.000,00	161.22799
Alumeado público. Subministro de enerxía eléctrica.	40.000,00	165.221.00
Alumeado Público. Subministro de material electrónico, eléctrico	10.000,00	165.22112
Administración xeral de Medio Ambiente. Aluguer de vehículos	4.000,00	170.204.00
Administración xeral de Medio Ambiente. Outros subministros	10.000,00	170.22199
Asistencia social primaria. Submnistros de produtos alimenticios	5.000,00	231.22105
Asistencia social primaria. Subministro de enerxía eléctrica	3.000,00	231.22100
Asistencia social primaria. Outros subministros	3.000,00	231.22199
Asistencia social primaria. Locomoción de persoal non directivo	30.000,00	231.23120
Hospitais servizos asistenciais, centros de saúde. Traballos realizados por outras	10.000,00	312.22799





Concello de Guitiriz

empresas		
Servizos complementarios de educación. Subministro de enerxía eléctrica.	10.000,00	326.22100
Servizos complementarios de educación. Estudos e traballos técnicos.	15.000,00	326.22706
Servizos complementarios de educación. Traballos realizados por outras empresas	9.000,00	326.22799
Promoción cultural. Outros subministros	7.000,00	334.22199
Promoción cultural. Gastos diversos	10.000,00	334.22699
Festas populares e festexos. Gastos diversos	13.000,00	338.22699
Instalacións deportivas. Traballos realizados por outras empresas.	4.000,00	342.22799
Ordenación e promoción turística. Traballos realizados por outras empresas	10.000,00	432.22799
Administración xeral de infraestruturas. Outros Subministros	2.000,00	450.22199
Administración xeral de infraestruturas. Aluguer de maquinaria	3.000,00	450.20300
Administración xeral de infraestruturas. Estudos e traballos técnicos	15.000,00	450.22706
Administración xeral. Subministro de enerxía eléctrica.	10.000,00	920.22100
Administración xeral Outros submnistros	6.000,00	920.22199
Administración Xeral. Outros traballos realizados por outras empresas	20.000,00	920.22799
Sumidoiros. Aportación municipal a Confederación hidrográfica. Addenda ao convenio	5.421,53	160.72100
Instalacións deportivas. Inversión de reposición en edificios e outras construcións. Aportación municipal a Mellora cuberta e paramentos verticais do pavillón	31.668,88	342.62300
Instalacións deportivas. Inversión de reposición en edificios e outras construcións. Melloras na nave do Senpa. Aportación municipal.	4.000,00	342.62300
TOTAL	383.090,41	

INGRESOS:

APLICACION	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de tesouraría para gastos xerais.	383.090,41

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do





Concello de Guitiriz

presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.>>

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP dí que é a segunda modificación orzamentaria que se trae a Pleno dende o mes de xaneiro que foi cando aprobou os orzamentos para este ano.

Ao Pleno de 31 de marzo xa foi outra modificación crédito con cargo ao remanente de tesouraría de 397.657,51 €, vostedes non previron eses gastos no orzamento, cousa inaudita tendo en conta que os orzamentos se fixeron tres meses antes.

No informe de intervención de devandito Pleno xa se dicía que o concello entraba en inestabilidade orzamentaria xa que a pesar que os obxectivos de estabilidade de débeda pública e regra de gasto aprobada polo Goberno de España non son de cumprimento por estar aplicada a súa suspensión pero si é de aplicación para as modificacións de orzamento das entidades locais a normativa contida no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e a súa normativa de desenvolvemento e polo tanto hai que cumprila.

Agora volve a traer outra modificación de crédito con cargo ao remanente e novamente volve a ter un informe da interventora advertíndolle de que entramos en inestabilidade orzamentaria outra vez, coa diferenza que para o ano que vén, no 2024, hai que cumprir as regras de gasto que están actualmente en suspensión. Isto implica que no 2024 non se vai poder gastar como se fixo ata o de agora e moito nos tememos que co ritmo de gasto que levan as arcas estarán baleiras.

A falta de xestión e previsión é total, analizando as partidas que se pretenden incrementar, fala do servizo de prevención de incendios, algo que desgraciadamente ocorre todos os anos, pero vostede non o tivo en conta nun primeiro momento e non o incluíu nos orzamentos.

Fala tamén de asistencia social primaria, nada menos que 30.000 euros pero vostede tampouco se decatou desa partida, o acaso xurdiu todo isto nos últimos dous meses?

Vemos festas populares e festexos por 13.000 € mais, como si xa fora pouco o que se gastou neles.

Todo isto tendo en conta que desatendemos necesidade como atención dos nosos maiores a domicilio cando temos catrocentos e pico de horas concedidas pola Xunta que non se gastan, e dicir, temos aos maiores sen atender e sen embargo aumentamos a partida de festexos.

Tamén vemos que outras partidas son para subvencións, unha parte con aportación municipal por exemplo a Confederación Hidrográfica no tema dos sumidoiros, pero aínda que esas subvencións veñan concedidas agora si que se tramitaron con antelación suficiente e deberían saber da súa existencia e delas orzamentadas.

Tamén nos chama moito a atención que das trinta e catro partidas que se mencionan hai oito que corresponden a traballos feitos por outras empresas, e non se especifica nin cales van a ser nin como van a ser, ven sexa de instalacións deportivas, de





Concello de Guitiriz

promoción turística, de administración xeral etc.

Observamos tamén que nestes sete meses que levamos de ano, os edificios municipais como o pavillón, a nave do Senpa, parte das vías públicas do concello, accesos aos núcleos de poboación, sufriron un deterioro nunca antes visto en todo o seu , xa que en cinco meses deteriorouse todo e non se detectou antes.

Dixo vostede tamén varias veces que o problema da auga potable estaba solucionado e resulta que agora se dedican un total de tres partidas cun montante de 18.000 euros, así que moi solucionado o problema da auga potable non debía estar. En que os vai empregar ou en que empregou os xa investidos?

Queremos pensar que todo isto non conta como adxudicación nin execución, entón hai partidas que chaman claramente a atención, como o aluguer de vehículos para medio ambiente, o cal dedica 4.000 euros. A nosa pregunta é: eses vehículos fan falta agora e antes non ou é porque se deu de baixa algún vehículo do concello? En definitiva, é unha total falta de transparencia e cremos que é unha desafortunada maneira de xestionar os nosos presupostos.

A voceira do BNG di que os presupostos non parece que estiveran moi ben feitos posto que xa van dúas modificacións e estamos no mes que estamos.

Este último suplemento de crédito supón un 10% do presuposto. Son trinta e catro puntos e na maioría non se sabe a que van destinados eses cartos, non se especifica e tampouco se nos aclarou na Comisión Informativa do luns que preguntamos expresamente por eles, por iso gustaríanos que se nos detallase.

A finais de 2022 o remanente deste concello era de 1.434.000 euros e en xullo de 2023, seis meses mas tarde, o remanente é de 103.000 euros, esta cantidade nin tan sequera garante os salarios dos traballadores/as deste concello, e dicir, en seis meses o goberno gastou 1.330.000 euros, e curiosamente este período coincide coas eleccións.

Reitérome no dito anteriormente, si nos pode detallar a que van destinadas estas partidas presupostarías.

A Alcaldesa dí que non é verdade que teñamos maiores sen atender por non querer dedicarlle crédito a isto senón porque o persoal que temos para atender aos maiores non poden traballar mais horas, gustaríanos poder contratar máis persoal pero non é posible.

Respecto ao que menciona da Confederación Hidrográfica, si que estaba previsto ese convenio pero houbo que facer unha modificación debido a que apareceu unha liña eléctrica que era necesario soterrar polo que houbo que modificar o convenio e en consecuencia o importe que vai destinar o concello para levar a cabo a obra.

Non están en risco nin as nóminas dos traballadores/as nin ningún outro gasto fixo.

Non vou detallar agora a que se van destinar esas partidas porque todo o que se gaste deste suplemento de crédito vaise a recoller nunha resolución detallada da cal van ter acceso no seu momento.

O voceiro do PP di que a interventora xa lle advirte no seu informe que por prudencia e por mantemento dunha certa disciplina fiscal debe seguirse unha senda moderada de crecemento do gasto e procurando situar os orzamentos e a súa liquidación en equilibrio xa que o uso do remanente de tesouraría como fonte de financiación





Concello de Guitiriz

repercute na inestabilidade orzamentaria, ademais hai que ter en conta que non é o mesmo remanente de tesouraría que capacidade de tesouraría a cal se materializa coa execución dos orzamentos de ingresos e a recadación dos mesmos.

Así mesmo informase que para o ano 2024 se van ter que volver a cumprir as regras fiscais no ámbito da lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira que actualmente están suspendidas o que pode repercutir na necesidade de adoptar medidas por parte desta entidade local.

Esta intervención considera que non se debe recorrer a financiación de gasto corrente cunha financiación extraordinaria como é o remanente de tesouraría porque iso supón que os ingresos correntes non están sendo suficientes para os gastos correntes.

Todos estes aspectos serán obxecto de análise coa aprobación da liquidación do ano 2023 pero xa se advirte a necesidade de conter os gastos correntes e adoptar políticas fiscais diferentes para garantir os ingresos desta entidade local.

Si se fixa vostede, cuns ingresos de 5.739.817,66 euros vostede ten un gasto de 6.964.596 euros, e todo isto antes de aprobarse esta nova modificación co cal o risco vai ser aínda maior.

Di tamén o informe que tendo en conta esta modificación de crédito crease unha situación de inestabilidade orzamentaria fundamentalmente pola utilización do remanente de tesouraría, capítulo de ingreso financeiro para a financiación das modificacións orzamentarias.

Polo tanto e como resultado definitivo da análise, coa entrada en vigor da presente modificación orzamentaria prevese unha situación de inestabilidade orzamentaria nos termos do artigo 3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria.

Todo isto o di o informe de intervención, non o dicimos nós.

A voceira do BNG di a alcaldesa que non vai especificar a onde se van destinar esas partidas presupostarías pero isto é a tónica habitual da forma de traballar deste goberno, e dicir, da pouca transparencia deste concello.

Nós non imos poder fiscalizar, nin controlar, a pesar de que si temos esa función pero dinos que non vai detallar esa información. Non so é quede mal bloquear voluntariamente esa información senón que ademais é moi pouco democrático.

Nós non imos ter acceso a esa información ata finais de setembro e teremos acceso en setembro porque non queda outra, por lei.

Teñen o rolo de votos neste pleno, poden aprobar o que queiran posto que teñen maioría absoluta, pero si lle pediría que non apliquen ese mesmo rolo para a información que é de todos os cidadáns e dos grupos da oposición tamén e que nós sempre reclamamos porque son valores democráticos que non deberíamos de saltarnos.

A alcaldesa di que o remanente de tesouraría que se está a utilizar para este suplemento de crédito é a suma dos fondos líquidos do banco e o que esta pendente de recadar, excluíndo os de dubidoso cobro e a eso exclúese o que o concello ten pendente de pago e comprometido, como ese remanente ten superávit a lei permítenos utilizalo.





Concello de Guitiriz

Este suplemento de crédito por un importe total de 383.090,41 esta financiado con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais procedente da liquidación do exercicio 2022. A data do informe que presenta a interventora co remanente de tesouraría para gastos xerais pendente de usarse en modificacións de orzamento é de 486.003,56 polo que esos 102.913,15 é o que queda de remanente para gastos xerais e é o que queda pendente de usar.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do PP e abstención do BNG.

7. Expediente 665/2023. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 2-2023

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

<< PROCEDIMIENTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2023. OBRIGAS DE SERVICIOS PRESTADOS NO ANO 2015, 2021 E 2022.

ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN.

Consta nesta Alcaldía a existencia de facturas presentadas a través da plataforma de facturación electrónica FACE e no rexistro da sede electrónica por diversos acreedores municipais, que se relacionarán de seguido e que se atopan pendentes de pago:

Rexistro	Data factura	Concepto	Terceiro	Partida orzamentaria	Importe
	07/12/2021	Servizo de monitorización Datawater básico. Depósito de Guitiriz	DATA MONITORNING SL.	160 22799	869,02
	31/12/2022	Servizo de monitorización Datawater básico. Depósito de Guitiriz	DATA MONITORNING SL.	160 22799	869,02
2023-176	31/03/2022	Actividades de cuidado de punto de atención a infancia. Tardes PAI. Marzo 2022	GAME SPORT GESTIÓN DE SERVICIOS S.L.	326.22799	1.041,92
2023-177	28/02/2022	Actividades de cuidado de punto de atención a infancia. Tardes PAI.Febreiro 2022	GAME SPORT GESTIÓN DE SERVICIOS S.L.	326.22799	1.041,92
2023-276	03/08/2022	Varios campo do festival de Pardiñas	DOITEO SANTOS PEREZ	338.22699	140,50
				TOTAL	3.962,38

É vontade deste grupo de goberno de efectuar tódolos pagos pendentes aos acreedores municipais, e á vista das consecuencias negativas que poidan derivarse do incumprimento da normativa reguladora da morosidade nas administracións públicas, tanto para o Concello como especialmente para os provedores municipais.





Concello de Guitiriz

Á vista dos seguintes antecedentes:

Conformidade das facturas de referencia.

Documentación xustificativa por parte dos provedores no que se indica que as facturas por causas axenas a este Concello non foron presentadas ou rexistradas correctamente, non tendo esta Entidade constancia de ditas facturas.

Informe de intervención de reparo 2023-0028 , de data 14/07/2023.

Visto o informe de discrepancias de intervención, no que queda acreditado que os gastos informados desfavorablemente como consecuencia da omisión no expediente dos requisitos ou trámites esenciais baseados na falta de tramitación do expediente que corresponda para establecer o contrato que rexerá a prestación destes tipo de servizos resulta imprescindible para poder continuar coa prestación destes servizos no concello. Trátase de servizos para garantir o funcionamento adecuado e normal do concello. Asemesmo son necesarios para manter o nivel mínimo de calidade da poboación do municipio, así como a necesidade perentoria de prestación de servizos de modo prioritario e urgente.

Considerando que economicamente o concello pode asumir estes gastos, por canto, en xeral, se trata de servizos que se veñen prestando dun exercicio para os seguinte, para o cal en todo caso, e na medida do posible, tratarse de preparar a licitación, como xa se ten feito para algúns contratos

Tendo en conta a regulación contida nos artigos 163 e 176 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, segundo os cal "[...] *Corresponderá al Pleno da la Entidad el reconocimiento extrajudicial de créditos, siempre que no exista dotación presupuestaria, [...]*"

Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica á atención das necesidades do exercicio corrente xa que se inclúe crédito adecuado e suficiente na modificación orzamentaria que se somete a aprobación do pleno, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na Base 23 das de execución do vixente orzamento municipal.

Considerando que é necesario aprobar os importes que se derivan das facturas, tendo en conta "principio de non enriquecemento inxusto" sentado pola xurisprudencia, no sentido de que se o gasto foi efectivamente/materialmente realizado, nas condicións pactadas, e en consecuencia é esixible, as empresas que realizan a prestación ou prestan o servizo deben ser resarcidas, pese a que quede acreditado no expediente a omisión de trámites esenciais no procedemento.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e coas abstención do PP e do BNG acordou o seguinte:

Primeiro.- Resolver a discrepancia exposta pola intervención a favor do criterio exposto nos antecedentes desta proposta en base ao principio do enriquecemento inxusto da administración.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial e por tanto as prestacións executadas, das facturas de referencia polo importe total de 3.962,38 euros.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de que se proceda á Ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

Cuarto.- Dar traslado do acordo ao Departamento de Intervención-Tesorería para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>





Concello de Guitiriz

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP di que como se dixo no ultimo pleno do mandato anterior empezan a aflorar as facturas que estaban polos caixóns, facturas dos anos 2021 e 2022, anos nos que vostedes gobernaban neste concello. A nosa pregunta é, porque non se orzamentaron estas facturas sabendo que se debían?

Intervención emite novamente un informe con reparo no que se advirte da non existencia de crédito adecuado suficiente na bolsa de vinculación xurídica para imputación destes gastos ao orzamento do concello do exercicio 2023.

Emítese tamén un reparo de carácter suspensivo baseado na omisión de tramites esenciais de contratación ou de omisión de requisitos esenciais nos expedientes de gasto antes indicados nos que polo importe ou duración do contrato sería necesario ter tramitado contratos por procedementos adecuados, segundo a normativa contractual o por comprobarse o cumprimento ou non de requisitos esenciais nos expedientes de gastos conforme determina a normativa. Aínda sabendo todo isto e de que algún procedemento ou requisito non se cumpriu, vostede si sabia dos contratos ou servizos que se prestaran, todos eles vinculados ao concello ou a centros como o PAI, que é de xestión directa, con facturas de febreiro e marzo por poñer un exemplo.

Isto é a mala xestión que denota un gasto desmesurado e sen control o cal queda demostrado por non ter previsión de capital para afrontar devanditos gastos no orzamento, así tanto o descontrol pola súa parte como pola do seu equipo de goberno.

Recorde vostede que o recoñecemento extraxudicial de crédito é unha figura que supón a creba do principio de anualidade orzamentaria e ao mesmo tempo obvia o incumprimento do artigo 173.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais de adquirir compromiso de gasto por importe superior o crédito autorizado, o cal rompe o réxime orzamentario e non so como sistema de control senón tamén como método de análise e de avaliación da xestión financeira e económica do gasto do concello.

Debido a todo o anteriormente exposto viuse obrigada a facer unha modificación orzamentaria que propuxo no anterior punto da orde do día porque non conta con efectivo orzamentado para facer fronte as facturas que pretende pagar e que foron emitidas durante o seu mandato.

Mala xestión e ocultismo, despois de todo o dito entendera que dende o grupo municipal do Partido Popular de Guitiriz e despois de ter estudado o informe da interventora do concello, que é un informe con reparo e con carácter suspensivo, non estamos de acordo con pagar estas facturas con cargo a unha ampliación de crédito como se propón no punto anterior. Xa é a segunda ampliación dende que aprobou os presupostos o cal pon de manifesto a súa incapacidade xestora e de control sobre as contas municipais.

A voceira do BNG di que vemos que son facturas do ano 2021 e 2022 que están pendentes de pago pero non sabemos cal é o motivo polo que entraron fóra de prazo pero o que si entendemos que é responsabilidade do goberno esixir as empresas para que presenten as facturas en tempo e forma para que non pasen estas cousas, podemos entender porque hai tantos reparos por parte de intervención tanto neste expediente como no de dación de conta das resolucións.





Concello de Guitiriz

A alcaldesa di que as dúas facturas de “Game Sport Gestión de Servicios SL” foron presentadas no seu momento e rexeitadas polo concello porque non estaban ben e a empresa non as volveu a presentar ata este ano.

O mesmo ocorre co factura de Dositeo Santos Perez que tampouco a presentou no seu momento e a presenta agora.

Podiamos optar por non pagalas pero hai que ter en conta que as empresas fixeron o traballo polo que entendemos que hai que pagalas e intentar que non volva ocorrer.

As dúas de “Data Monitoring SL” non corresponde con ningún contrato deste equipo de goberno senón da lexislatura 2011-2015 e foron remitidas a un correo electrónico ao que non temos acceso. Estas facturas responden a un servizo dos depósitos de auga que monitoriza en tempo real o volume de auga.

O voceiro do PP di que baseándonos na data de expedición das facturas a de Dositeo Santos é de 3/8/2022 e aínda que se esquecese de presentala no concello suponse que vostedes deberían ter algún control para saber que hai traballos que se realizaron e que sen embargo non consta presentada a factura.

Hai facturas do PAI do ano 2021 e 2022 que constan no expediente que foron rexeitadas pola Educadora Social do concello por non ser correctas as horas de facturación, e dicir, sabíase que esas facturas existían e que había que pagalas, aínda que non se soubese o importe exacto polo que deberían estar orzamentadas.

Nós estamos de acordo en que se lle pague a quen se lle debe pero non a costa de recoñecementos extraxudiciais de crédito e con cargo a remanente, isto é evidente que nos leva a pedir os cartos porque non están orzamentados.

Nós insistimos que a xestión non atende a prioridades, destinan os cartos a grandes festexos, a festa da torta de millo, festexos de Nadal, pero claro, despois encontrámonos que non hai cartos para pagar as facturas dos traballos que se realizan.

No informe de intervención dise que este procedemento fainos entrar en inestabilidade orzamentaria.

A voceira do BNG di que espera que non se deduza da nosa anterior intervención que nós non queremos que se paguen esas facturas xa que non se nos pasa pola cabeza tal cousa, o que estamos a cuestionar é o procedemento e a forma de facer o traballo, pero pagalas por suposto.

Insisto que é responsabilidade do goberno que entren en tempo e forma no concello por iso non nos parece, nin o é, un traballo ben feito.

A alcaldesa di que aquí estamos falando de catro facturas do ano 2022 que se puideron escapar ao control do equipo de goberno, si dentro de todas as facturas que se pagaron no ano 2022 quedaron so catro sen controlar, cada un que vulgare si esas catro facturas que quedan pendentes supoñen tanto descontrol por parte de este equipo de goberno como o voceiro/a dos grupos da oposición queren facer ver.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e coa abstención do BNG e PP.





Concello de Guitiriz

8. Expediente 248/2021. Modificación da ordenanza fiscal número 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

<< ASUNTO: Expediente de modificación da ordenanza fiscal número 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Vista a providencia de alcaldía de data 12/07/2023 de incoación de expediente de modificación da ordenanza fiscal número 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa publicada no BOP de Lugo nº 234 de data 10/10/2008.

Considerando que as circunstancias que supuxeron a aprobación polo Pleno da Corporación de 25 de marzo de 2021 polo que se aprobou a disposición transitoria da Ordenanza fiscal número 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, xa non se compren, debido a terminación da situación excepcional motivada pola crisis sanitaria provocada polo COVID-19

Vistos o informes de secretaría 2023-0162 de data 14/07/2023 e de intervención 2023-0204 de 14/07/2023

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP, acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal número 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, eliminado a disposición transitoria que dice:

"DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Como consecuencia da situación excepcional motivada pola crisis sanitaria provocada polo COVID-19, suspendese a aplicación da presente taxa, en tanto afecte ou afectara a feitos impositivos devengados durante a súa vixencia, mentres o pleno non acorde o contrario con idénticas formalidades. "

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza considerarase definitivamente aprobada.>>





Concello de Guitiriz

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP di que a súa maneira de axudar aos autónomos non podía ser de outro modo que aplicándolles as taxas polas terrazas. Non segue vostede o mesmo criterio cando esta a gastar os cartos de remanente por estar suspendidas as medidas fiscais ata o ano 2024, mantéñao ata ese ano como mínimo para axudalos.

Europa ten un plan de recuperación e transformación para as pequenas e medianas empresas centrados na I+D, na dixitalización, a sustentabilidade, a economía circular mentres que seguen vixentes moitas das axudas que están en activo, polo que lle pedimos que siga ese criterio e non grave a nosa hostalaría que non esta recuperada do Covid con novos impostos ou taxas e que estaban suspendidas por mor do Covid. Non lle parece que sería mellor axudar aos hostaleiros non cobrándolles as taxas? Os hostaleiros van a repercutir nos clientes ese custe ao mesmo tempo que vai repercutir no seu negocio.

Nós propoñemos a gratuidade total das terrazas xa que o ingreso desas taxas non supón unha gran cantidade de cartos das que non se pode prescindir pero sen embargo si aportaría unha gran axuda aos nosos hostaleiros xa que coa suba das mercadorías están vendo reducido os seus marxes comerciais e moitos vense abrigados a pechar.

A voceira do BNG di que entende que a ordenanza queda nos mesmos termos que estaba antes so que con esta modificación se empeza a cobra de novo.

A alcaldesa di que se suspendeu o cobro da taxa nos anos 2020, 2021 e 2022 e nestes momentos os hostaleiros teñen recuperada a súa actividade en igual de condicións que antes da pandemia por iso consideramos que hai que levantar esa suspensión do cobro das taxas das terrazas.

O voceiro do PP di que vostede ten suspendida no concello as regras de gasto ata o 2024 polos efectos da pandemia polo que lle pedimos que sexa consecuente coa xente que ten os negocios e axúdeos.

O grupo do BNG Non fai uso da segunda quenda.

A alcaldesa di que todas as administracións teñen suspendidas as regras de gasto non so este concello.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e BNG e encontra do PP.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

ROGOS PP

- Se limpen os contenedores onde se tiran mais residuos orgánicos xa que hai zonas que dan mal olor.
- Que arranxe dúas pontes, a que vai de Ferreira a Mariz e a que vai de Ferreira a Becin.
- Que faga un plan concilia decente para as familias con nenos e nenas que van ao





Concello de Guitiriz

PAI posto que ten un período de peche moi longo.

Aclara a alcaldesa que so pecha no mes de agosto, do 1 ao 31, tal como esta recollido no regulamento que se aprobou no seu momento

- Que arranxe a depuradora do Sanguíñedo.
- Que se saquen as prazas do SAF que ten concedidas pola Xunta de Galicia posto que están os nosos maiores en lista de espera.
- Que coloque mais contenedores e que os recollan con mais frecuencia.
- Que limpe algúns tramos da ruta da auga posto que é unha época con moito turista e hai tramos impracticables.

ROGOS BNG

- Que se preste mais atención a limpeza, sobre todo o mantemento nas rutas de sendeirismo que hai no concello, que aparte do impacto visual hai algún dano que pode ocasionar accidentes aos camiñantes, por exemplo varandas rotas.

Aclara a alcaldesa que se están arranxando.

- Que se faga unha limpeza periódica dos contenedores do lixo.
- Que sexan rigorosos no mantemento de beirarrúas e se reparen as baldosas soltas, que non son poucas.
- Que se melloren as medidas de seguridade na piscina natural dos Sete Muíños, cando menos indicar os tres niveis de profundidade que hai e poñer a disposición do público o informe da análise da calidade da auga si é posible.
- Por medidas de seguridade para os peóns, volvemos a rogar que se tomen as medidas necesarias para garantir pasar con seguridade por diante da casa que hai enfronte da Casa Barxa.

Aclara a alcaldesa que se puxo en contacto o dono da casa con ela para dicirlle que ía retirar todos os elementos que teñen perigo de caer a rúa.

- Rogamos que se valore que pasa cun vehículo que leva parado mais de seis meses no camiño que vai aos Sete Muíños

Aclara a alcaldesa que se lle comunicou varias veces ao dono para que o retirara, pero como non temos policía local neste momento non podemos ir coa grúa a retiralo nós. Seguirémolo tentando co dono.

- Se eliminen os derrubes de terra e pedra que constantemente ocorren no recen estreado paseo dos Sete Muíños. Comunicar que por esa zona a estación do bombeo do Forxa esta vertendo

Aclara a alcaldesa que o titular dese paseo é a Deputación, pero podemos instar a este organismo que estudie si hai algunha forma de evitalos.

PREGUNTAS PP

1. Estanse a recoller os contenedores de lixo os sábados?

Resposta: A ruta que esta programada si.

2. Cando ten pensado rozar os camiños nas zonas recreativas, por exemplo a





Concello de Guitiriz

de Pigara?

Resposta: En concreto a de Pigara desbrozouse no mes de xuño.

3. Onde se lavan os camións do lixo e con que frecuencia?

Resposta: Teño que preguntarlle aos traballadores.

4. Porque as actividades para os nenos/as se fan exclusivamente case en Guitiriz e non nas parroquias?

Resposta: Porque na maioría dos casos nas parroquias non hai lugares para facelas.

5. Sabe que pola zona do colexio de Guitiriz por onde se desenvolveron os campamentos de verán hai presenza de cobras?

Resposta: Cando se fan os campamentos de verán hai sempre monitores/as cos nenos/as que se encargan de que non lles ocorra nada e que as zonas polas que andas non supoñan ningún perigo para os nenos/as.

6. Cre vostede que o que se investiu na festa da torta de millo reverteu con creces no pobo?

Resposta: Despois da festa da torta de millo non recibín ningún comentario de ningún veciño/a do pobo que non estivera contento. Eu creo que reverteu economicamente nos locais que podía reverter, por exemplo na hostalaría, polo que persoalmente estou satisfeita do resultado logrado.

7. Sabe si quedan algunhas facturas mais do ultimo mandato que estean sen pagar?

Resposta: Non.

PREGUNTAS BNG

1. No pleno de 31 de xaneiro de 2019 aprobouse por unanimidade por unha iniciativa do BNG que pedía habilitar un servizo de transportes para persoas maiores e dependentes que non tiñan medios para achegarse a Guitiriz ou Parga, para elo o concello ía facer un estudo sobre a viabilidade deste servizo coa nova furgoneta adquirida para o Centro de Día. Queríamos saber si se fixo este estudo?

Resposta: Eu en xaneiro de 2019 non estaba pero si é certo que se me recordou cando tomei posesión e logo chegou o covid e quedou todo parado, pero non temos problema en facer ese estudo e avaliar o custo económico que supoñería. Tamén é certo que co aumento de prazas do Centro de Día a furgoneta que fai o transporte esta ocupada máis horas tanto pola mañá como pola tarde.

2. No verán de 2022 instaláronse no concello tres puntos de compostaxe domestica pero sabemos que houbo certos problemas coas tapas. Están dispoñibles para o seu uso e hai alguén encargado diso?

Resposta: Están solucionados e si que hai alguén encargado.

3. No 2022 elimináronse dous puntos de recollida de plásticos agrícolas, quedan tres: Mariz, Sambreixo e Os Vilares, está proxectado quitarlos?





Concello de Guitiriz

Resposta: Si, o que da un pouco mais de problema é o dos Vilares.

4. Estase recollendo a resina dos piñeiros dos Sete Muíños, quen o fai e en que repercute no concello?

Resposta: Unha asociación para facer un estudo, esta asociación xa fixo aquí varias actuacións que agora mesmo non recordo pero míroo e dígollo. Non ten repercusión económica para o concello.

5. Fíxose a limpeza correspondente na piscina natural dos Sete Muíños?

Resposta: Si

6. A pista de Pump Track que esta ao carón da nave do Senpa esta rematada?

Resposta: Si

7. Na entrada de Guitiriz, vindo de Pardiñas hai unha sinalización, que leva mais dun mes, como si houbera unha avaría na beirarrúa.

Resposta: Houbo unha avaría que se solucionou pero cando se arranxou viuse que había un tramo da rede de sumidoiros que hai que arranxar.

8. Este concello subscribiu un convenio coa Universidade para facer un estudo para a supresión dos pasos a nivel en Parga e cóstanos que devandito estudo foi entregado.

Resposta: Aínda non, entregaron unha parte pero pedíronnos que prorrogamos o convenio ata este ano 2023, remítovos o correo onde nos pediron a prorroga. Cando este finalizado intentaremos facer unha presentación aberta ao público.

9. Que proposta ou iniciativa formal se presentou dende este goberno ao Sergas para impedir o peche do centro de saúde de Parga nos mes de agosto?

Resposta: Nós oficialmente non presentamos nada. Dende a Deputación presentouse unha moción amparada polo PSG e o BNG instando a Xunta na que se mencionaba expresamente o consultorio de Parga.

10. No Pleno Organizativo da Deputación de Lugo que se celebrou so tres días mais tarde que o deste concello outorgóuselle a vostede unha dedicación exclusiva de 60.000 euros polo que cando foi o Pleno de Guitiriz supoño que xa sabería o que ía a ocorrer na Deputación?

Resposta: Si que o sabia pero como son funcionaria en situación de excedencia por servizos especiais e teño que estar dada de alta nalgún lado na seguridade social para que esa excedencia se me prorrogue.

A voceira do BNG preguntalle a que lle vai dedicar o seu tempo e esforzo, si ao Concello de Guitiriz ou a Deputación?

Resposta: Ao concello de Guitiriz prioritariamente.

Non hai asuntos





Concello de Guitiriz

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

